

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FUNDACIÓN VODAFONE ESPAÑA (DIGICRAFT EN TU COLE – II)

Antecedentes

A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (en diante, a CONSELLERÍA de EDUCACIÓN) é o departamento da Xunta de Galicia ao que corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regulado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

A Amtega, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes competencias e funcións: a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Pola súa banda, a FUNDACIÓN VODAFONE é unha institución privada, non lucrativa, de carácter de investigación e duración indefinida, baixo o protectorado do Ministerio de Educación e Formación Profesional.



A FUNDACIÓN VODAFONE, co obxectivo de potenciar o desenvolvemento da competencia dixital á infancia e mocidade en España, deseñou un programa de formación e reforzo en habilidades dixitais e as súas competencias asociadas dirixido a nenos/ as e mozos de entre 6 e 12 anos, con foco especial en infancia vulnerable, denominado DigiCraft.

Razóns de oportunidade e obxectivos

O obxecto do convenio é regular a colaboración entre a AMTEGA, a CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN e a FUNDACIÓN VODAFONE, en relación co Proxecto “DigiCraft en tu cole-II”, consistente na implantación do Programa DigiCraft nun máximo de 200 centros escolares sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan Educación Primaria (en diante, os “Centros”), durante os cursos académicos 2020-2021 e 2021-2022, no marco do Plan de Promoción do Talento Dixital de Galicia – DigiTalent.

O presente convenio non implica por sí mesmo a obriga de realizar ningún tipo de contraprestación económica por ningunha das partes asinantes.

Con base nas consideracións anteriores, considérase axeitada a tramitación da presente relación como convenio de colaboración, ao non estar presente a nota de onerosidade propia dos contratos administrativos.

Santiago de Compostela,

O xerente

José Luis Somoza Digón

